



Concello de Cangas

## **VIII MARCHA SOLIDARIA "CAMIÑA CON ADICAM"**

Cangas, 13/10/2016

No día de hoxe, 13 de outubro, tivo lugar na Fundación Cangas Deporte a presentación da VIII Marcha Solidaria "CAMIÑA CON ADICAM".

A Asociación de Diagnosticad@s de Cancro de Mama (ADICAM) ven desenvolvendo a súa actividade na nosa comarca desde o ano 2000 e nace coa finalidade de fomentar o desenvolvemento do apoio social e a axuda mutua, para conseguir que a muller teña unha mellor calidade de vida e benestar. Ademais de dar visibilidade a unha problemática cada vez máis estendida, realizan unha labor social, cultural e artística moi consolidada ao interno da nosa vila.

O evento, que terá lugar este domingo, día 16 de outubro, partirá ás 09:45 horas do Concello de Bueu, e 15 minutos máis tarde (10:00 horas) desde o Concello de Moaña, tendo como punto final a Casa da Bola (11:45 horas aproximadamente), situada no Concello de Cangas. A partir das 12:00 horas procederase a lectura dun manifesto.

A marcha ten un carácter totalmente popular, e estímase que contará cunha participación de preto de 1.000 persoas achegadas dende diferentes puntos da xeografía pontevedresa. A organización confía en superar o número de persoas participantes doutras edicións, aínda que o tempo non acompañe.

Esta actividade non precisa de inscrición e inclúe a persoas de todas as idades. Por iso será unha marcha moi familiar na que recordar e resaltar as necesidades do cancro de mama: detección, prevención e diagnóstico precoz.

Desde o Concello, queremos animar á veciñanza dos tres concellos a participar desta marcha preludio do #DíaMundialdoCancrodeMama que terá lugar o vindeiro mércores 19 de outubro.

O acto está organizado por ADICAM (Asociación de Diagnosticad@s de Cancro de Mama), e conta coa colaboración da Fundación Cangas Deporte e os concellos de CANGAS, BUEU e MOAÑA.

*Gabinete de comunicación*